

CATRO POSÍBEIS XOGOS PARA BRINCAR NUN CÍRCULO UN GRUPO DE NENAS E NENOS

Necesitamos trazar un círculo. Se estamos sobre unha superficie dura, podémolo debuxar cun xiz e se estamos sobre unha superficie branda (terra ou area) debuxámolo cun pau.

Número mínimo de xogadoras e xogadores: cinco.

1 Se tedes unha pelota, podedes porvos dentro do círculo e movervos lateralmente. Alguén de vós se pon no medio e lanza a pelota para riba ao mesmo tempo que di o nome de alguén que está na roda. A persoa nomeada terá que recoller a pelota antes de que caia ao chan. A continuación ocupa o lugar da anterior e lanza a pelota dicindo outro nome.

2 Tamén se hai unha pelota pequena e branda ou de tenis colocádesvos sobre o círculo e tratades de pasala á persoa que estea ao voso lado sen empregar as mans, valéndovos do voso peito e do voso queixo e evitando que a pelota caia.

3 Podedes, tamén, sentarvos sobre o círculo, excepto alguén que deberá ficar de pé no centro cunha pelota. Esta persoa poderá pasar a pelota a calquera outra da roda ao mesmo tempo que di unha destas tres palabras: terra, mar ou ar. Se di "terra" quen recibe a pelota ten que a devolver dicindo un animal de terra; se di "mar", terá que dicir un animal do medio mariño; e se a persoa que pasa a pelota di "ar", quen a recibe terá que dicir un animal que voe.

4 Por último, colocádesvos en roda sobre o círculo e collidos das mans, subides e baixades os brazos para facer ondas con eles e cos vosos corpos.